

## En qué consiste (CI)

Outra opción para acceder ós estudos de Grao Profesional de Música é mediante o Acceso ós cursos intermedios (de 2º a 6º curso).

Esta proba está regulada, na nosa comunidade autónoma, pola *Orde do 28 de Xullo de 2008* e polo *Decreto 203/2007, do 27 de setembro*.

Todo/a alumno/a interesado/a deberá realizar unha inscrición neste Centro. O prazo de inscrición farase público nesta web e non será nunca antes do mes de xullo.

Poderase acceder a calquer outro curso das ensinanzas musicais profesionais sen haber cursado os cursos anteriores sempre que, a traves dunha proba, a persoa aspirante amose posuir os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas do curso ó que quere acceder.

**A proba realizarase, normalmente na primeira quincena de setembro e constará de dúas partes:**

- 1. Interpretación, no instrumento, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente inferior ao que se opte e das que, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.** Este exercicio calificarase de cero a dez puntos, e necesitará unha calificación mínima de cinco puntos para superalo. Poderase consultar as programacións de forma orientativa nesta web accedendo no menú principal (parte superior desta páxina) a: "**Conservatorio**"/"**Departamentos**"/(**Seleccionar o departamento correspondente**)"/"**Programacións**"
- 2. Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos de todas as materias dos cursos anteriores ós que se opte.** Este exercicio calificarase de cero a dez puntos, e necesitará unha calificación mínima de cinco puntos para superalo.

A composición dos tribunais variará segun o curso e a especialidade e aparece recollido no *Anexo III da Orde do 28 de Xullo de 2008*.

**Source URL:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionaltui/node/64>